

Regulamento de creación e de xestión
dos institutos de investigación da
Universidade de Vigo

(Aprobado polo Claustro o 17 de decembro de 2021)

Prefacio

Estratexia

Ámbito de aplicación

Título I. Disposicións xerais

Artigo 1. Definición do instituto de investigación

Artigo 2. Réxime aplicable aos institutos universitarios de investigación

Artigo 3. Finalidade

Artigo 4. Tipos de institutos

Título II. Organización dos institutos

Artigo 5. Membros dos institutos

Artigo 6. Investigadores/as garantes

Artigo 7. Procedemento de incorporación de membros

Artigo 8. Goberno

Artigo 9. A xunta directiva

Artigo 10. A comisión científica

Artigo 11. O director/a

Artigo 12. O secretario/a

Artigo 13. O consello asesor externo

Artigo 14. Organización da gobernanza

Título III. Creación, modificación e supresión

Artigo 15. Creación

Artigo 16. Modificación e supresión

Título IV. Seguimento e control dos institutos universitarios

Artigo 17. Seguimento e avaliación

Disposición transitoria

Disposición derogatoria

Entrada en vigor

PREFACIO

Os institutos universitarios de investigación constitúen unha estrutura organizativa básica das actividades de I+D+i do sistema público español, e especialmente das universidades, afianzados no papel que lles outorgan a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e a Orde, do 26 de marzo de 2021, pola que se regula o procedemento de aprobación de centros e institutos de investigación do sistema universitario de Galicia.

A presente normativa pretende regular o proceso de creación e de organización dos institutos de investigación da Universidade de Vigo para actualizar e mellorar o seu modelo de funcionamento, co fin de maximizar o seu potencial de xeración de investigación de excelencia nas diferentes áreas de coñecemento e intensificar a súa transferencia á sociedade. Deste xeito, definirase un novo marco, tanto para a creación coma para a xestión de institutos de investigación nos que participe a Universidade de Vigo. Esta terá en conta as peculiaridades dos diferentes campus, así como a diversidade de grupos de investigación existentes tendo sempre a excelencia investigadora como principal vector director da súa actividade.

ESTRATEGIA

Co obxectivo de darlles resposta aos principais retos sociais e económicos e sen perder de vista a diversidade intrínseca á actividade investigadora, a Universidade de Vigo debe dirixir a súa estratexia cara a unha progresiva especialización marcada polas súas fortalezas e coa busca da excelencia no seu horizonte. En liña coas políticas autonómicas, estatais e europeas no eido da I+D+i, deberán desenvolverse as áreas máis competitivas e consolidadas en canto ás súas capacidades, nas que o emprego dos recursos terá unha maior proxección e garantía de éxito, tendo en conta a especialización dos campus e as demandas do tecido socioeconómico circundante. Deste xeito, os institutos de investigación serán, xunto cos centros de investigación, o eixe vertebrador de boa parte da actividade de investigación e de transferencia que se desenvolverá máis eficientemente na universidade.

O obxectivo último da ordenación do proceso de creación de institutos de investigación será, polo tanto, promover unha mellor organización e estruturación da investigación arredor dos eidos de coñecemento nos que a Universidade de Vigo amosa unha maior competitividade e que, á súa

vez, estean en conexión coas demandas do territorio e da sociedade, ademais de ser xeradores de novo coñecemento. Isto é acorde coa política de I+D+i actualmente imperante no eido da Unión Europea, que promove activamente a especialización das institucións de investigación e da transferencia.

As anteriores características e a experiencia acumulada dende a creación da Universidade de Vigo permiten formular un modelo organizativo baseado nos seguintes eixes estratéxicos:

- Captación e retención de talento investigador, deseñando unha carreira investigadora baseada na avaliación externa por pares con criterios de excelencia internacional.
- Establecemento dunha planificación da actividade investigadora baseada no concepto de «contrato-programa» cuns obxectivos claros e cunha ruta definida para atinxilos.
- Implantación dunha xestión da I+D+i profesionalizada capaz de xerar sinerxías e coordinar grupos grandes e proxectos de investigación ambiciosos.

Tendo en conta as ideas anteriores, á hora de establecer a estrutura e as actividades dun instituto de investigación da Universidade de Vigo ou interuniversitario, como unidade aglutinante de grupos diversos, deberíase asumir unha certa similitude e orientación común dotando o instituto de:

- Coherencia nos obxectivos científicos.
- Un plan común de actuación con fitos verificables.
- Unha planificación compartida da carreira investigadora do persoal investigador participante.
- Unha estratexia de transferencia dos resultados.
- Un sistema de verificación da calidade dos resultados atinxidos.

Cómpre, por tanto, que os institutos de investigación presentes e futuros, tanto na súa especialización da i+D+i coma nos seus procesos organizativos, se fagan partícipes dos obxectivos e da orientación anteriores. En consecuencia, os institutos de investigación deberán incorporar os conceptos previos ao seu marco normativo para poder desenvolver unha actividade coherente coa estratexia global da Universidade de Vigo, asegurando que se orienten e integren no proceso de especialización que representan os campus existentes, ao tempo que o seu goberno se acomoda aos estándares máis esixentes e acordes cos canons internacionais no ámbito da actividade investigadora.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

A partir das consideracións previas e tendo en conta os elementos máis salientables deste regulamento, a Universidade de Vigo define os institutos de investigación como «unidades de investigación supragrupal, en que participa persoal da Universidade de Vigo ou doutras universidades ou institucións, con vocación de permanencia e de converterse en referencia no seu ámbito, que integrarán investigadores/as de recoñecida competencia, especializados nun campo de interese estratéxico para a Universidade de Vigo, proxectando unha imaxe de excelencia académica, con repercusión social e impacto económico na súa contorna».

Tendo en conta as ideas anteriores, para a Universidade de Vigo debe ter especial relevancia que os seus institutos de investigación e nos que participa persigan ter unha proxección directa sobre a contorna, considerando as singularidades locais, adoptando unha perspectiva que persiga entre outros fins:

- A excelencia no seu ámbito internacionalmente.
- Unha investigación cooperativa cos sectores locais.
- A formación de talento investigador e profesional en ámbitos de interese estratéxico.
- A proxección do valor engadido da investigación e da súa transferencia á sociedade.

Esta normativa complementa a regulación xeral en relación coas actividades de investigación na Universidade de Vigo, que seguirá rexéndose pola Lei orgánica de universidades, pola Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia e polos Estatutos da Universidade de Vigo en canto ás súas competencias, concepción, creación, modificación, supresión e réxime xurídico, e a Orde, do 26 de marzo de 2021, pola que se regula o procedemento de aprobación de centros e institutos de investigación do sistema universitario de Galicia.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo, na súa sesión do XX de XXX de 202X, aprobou o seguinte regulamento:

REGULAMENTO DOS INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO**TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS****Artigo 1. Definición do instituto de investigación**

Defínese o instituto de investigación (en adiante, instituto) da Universidade de Vigo como a unidade de I+D+i en que, cumprindo os requisitos básicos especificados neste regulamento, os seus membros desenvolven as súas actividades cun obxectivo común, seguindo unha estratexia planificada que promoverá a captación e a formación de investigadores e investigadoras con criterios de excelencia e resultados avaliados de xeito externo, transferíndolle á sociedade o valor engadido da investigación realizada. O instituto pode ser exclusivo da Universidade de Vigo ou partillado con outras universidades e institucións.

Artigo 2. Réxime aplicable aos institutos universitarios de investigación

Os institutos universitarios rexeranse polo establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, pola Lei 6/2013 ou norma que a substitúa, pola Orde, do 26 de marzo de 2021, pola que se regula o procedemento de aprobación de centros e institutos de investigación do sistema universitario de Galicia, polos Estatutos da Universidade de Vigo, ou das universidades que o integren no caso de ser interuniversitario, polo convenio de creación ou adscrición, no seu caso, polos acordos do Consello de Goberno e polo seu regulamento de réxime interno.

Artigo 3. Finalidade

Os institutos terán como finalidade principal acoller, promover e difundir a actividade investigadora e técnica, a innovación ou a creación artística das súas e dos seus integrantes dende unha perspectiva interdisciplinaria de excelencia, impulsando a transferencia á sociedade do coñecemento na fronteira e o coñecemento aberto adquirido mediante a súa actividade.

Para lograr os seus fins, os institutos:

- a) Seguirán os principios éticos de investigación e de innovación responsables, no que se refire ás políticas de igualdade de xénero, o respecto á liberdade de cátedra, o acceso aberto á información, a salvagarda da propiedade intelectual e a implicación coas necesidades da sociedade.
- b) Planificarán adecuadamente a súa actividade e avaliarán periodicamente os resultados acadados e o seu impacto nos seus obxectivos científicos, tendo en conta as liñas de

investigación existentes no instituto.

- c) Proxectarán o seu coñecemento e capacidades cara ao tecido socioeconómico e científico circundante, a través de actividades de divulgación e de transferencia.
- d) Captarán, formarán e reterán talento investigador, apoiando o correcto desenvolvemento da carreira investigadora dos seus membros, conforme a estratexia de recursos humanos adoptada pola Universidade de Vigo.
- e) Adoptarán criterios internacionais de excelencia nas disciplinas do seu ámbito, favorecendo o desenvolvemento de redes de colaboración e a participación dos seus membros en iniciativas e organismos internacionais académicos e de investigación.

Artigo 4. Tipos de institutos

Os institutos poderán ser:

- a) **Institutos propios:** creados e xestionados exclusivamente pola Universidade de Vigo cos obxectivos e coas características da presente normativa.
- b) **Institutos interuniversitarios:** creados pola Universidade de Vigo xunto con outras universidades mediante un convenio específico.
- c) **Institutos mixtos:** creados pola Universidade de Vigo xunto con outros organismos públicos de investigación, con centros do sistema público de saúde e/ou con outros centros públicos ou privados sen ánimo de lucro, mediante un convenio específico.
- d) **Institutos adscritos:** creados por outras institucións de carácter público ou privado incorporadas á Universidade de Vigo mediante un convenio.

Tanto no caso dos institutos interuniversitarios coma mixtos, garantirase nos correspondentes convenios a participación da Universidade de Vigo no goberno, actividades e resultados de I+D+i e económicos do instituto, con proporcionalidade aos recursos materiais intanxibles e investigadores ou investigadoras que achegue, así como a duración dos convenios.

A Universidade poderá promover a acreditación dos institutos dentro do marco normativo estatal e autonómico.

Artigo 5. Funcións dos institutos universitarios de investigación

Son funcións dos institutos universitarios de investigación:

- a) A planificación e a execución de programas de investigación básica ou aplicada e, se for o caso, de creación artística.
- b) O asesoramento científico e técnico no ámbito da súa competencia.

- c) A promoción e a realización de contratos con persoas físicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, de acordo coa lexislación vixente, cos estatutos e coa normativa propia da Universidade de Vigo.
- d) Calquera outra función que as leis e os estatutos lles atribúan.

TÍTULO II. ORGANIZACIÓN DOS INSTITUTOS

Artigo 6. Membros dos institutos

Poden ser integrantes dos institutos universitarios de investigación nos que participe a Universidade de Vigo:

- a) **Investigadoras e investigadores vinculados:** persoal docente e investigador (PDI) doutor vinculado a tempo completo á Universidade de Vigo e vinculado ao instituto e/ou investigadores/as doutores doutras institucións adscritos á Universidade de Vigo mediante acordos institucionais que recoñezan a súa relación formal co instituto.
- b) **Investigadoras e investigadores non permanentes:** persoal investigador contratado especificamente con cargo a programas ou a proxectos de investigación de acordo co marco laboral e normativo aplicable.
- c) **Investigadoras e investigadores externos:** no caso de institutos adscritos ou concertados, investigadores/as doutros centros públicos ou privados que colaboren co instituto en virtude do correspondente convenio e nas condicións que nel se establezan.
- d) **Investigadoras e investigadores en formación:** persoal investigador matriculado nalgún programa de doutoramento da Universidade de Vigo que conte coa dirección ou coa codirección dun investigador/a vinculado ao instituto.
- e) **Investigadoras e investigadores colaboradores:** entendido como persoal investigador non incluído nos apartados anteriores que colaboren nalgún proxecto ou programa do instituto. O regulamento de réxime interno recollerá os requisitos e a modalidade de participación destes colaboradores e colaboradoras na actividade e no goberno do instituto.
- f) **Persoal de administración e servizos:** poderá ser do cadro de persoal da universidade ou contratado para programas específicos de investigación.

Artigo 7. Investigadoras e investigadores garantes

Para garantir a solvencia científica dos institutos definidos neste regulamento, a Universidade de Vigo establece a figura da investigadora ou investigador garante (en diante, garante) como o persoal investigador con vinculación permanente e a tempo completo na Universidade de Vigo que, por reunir os criterios de excelencia e de competencia científica establecidos nesta normativa, avala e garante o desenvolvemento do programa e os obxectivos definidos para o instituto na súa constitución. Para os efectos deste regulamento enténdese que cada garante debe reunir polo menos un dos méritos seguintes:

- a) Ter recibido algunha distinción académica ou investigadora excepcional como: Premio Nacional de Investigación, doutoramento honoris causa, Starting Grant, Advanced Grant, Consolidator Grant do ERC ou algún mérito que a comisión de investigación delegada do Consello de Goberno xustifique como equivalente aos anteriores.
- b) Ser garante segundo os criterios estatais establecidos para os centros de excelencia Severo Ochoa ou as unidades de excelencia María de Maeztu.
- c) Cumprir os requisitos para alcanzar a cualificación B no apartado de investigación, segundo os criterios de acreditación á cátedra de universidade, establecidos pola ANECA para o seu ámbito de coñecemento.

Artigo 8. Procedemento de incorporación de integrantes

No regulamento de réxime interno do instituto definiranse criterios de valoración para incorporar ou desvincular o persoal investigador. Os órganos de goberno do instituto validarán este proceso e a investigadora ou investigador asumirá un compromiso de vinculación mínimo de tres anos. A vinculación de cada integrante a un instituto realizarase necesariamente con base nos criterios nos méritos de investigación e de idoneidade, respectando os principios de igualdade de oportunidades e tendo en conta os fins do instituto.

O persoal investigador poderá vincularse formalmente a un único instituto, considerándose que a súa actividade de investigación e as súas producións, de investigación e de transferencia, para os efectos de filiación e de valoración de indicadores, estarán vinculadas ao instituto. Ademais, poderá facerse visible a súa filiación complementariamente a outras unidades académicas ou de investigación (departamentos, grupos, facultades, escolas) ás que poida estar adscrito.

Excepcionalmente, poderá considerarse o recoñecemento de investigadoras ou investigadores vinculados a un instituto con dedicación parcial cando a súa contribución sexa determinante para incorporar capacidades disciplinares de interese para o desenvolvemento do instituto e a súa

axenda científica. Neste caso, a investigadora ou investigador poderá compaxinar a súa pertenza a dous institutos, repartíndose os seus méritos ao 50 % entre eles os dous e non poderá en ningún caso exercer a dirección dun deles.

O persoal investigador que solicite o ingreso nun instituto xa creado deberá poñelo en coñecemento do seu departamento, que deberá informar favorablemente ou non da correspondente vinculación. O informe, que non será vinculante, deberá considerarse no correspondente proceso de vinculación formal.

A desvinculación dun membro dun instituto poderá ter lugar a instancia da comisión científica do instituto, do consello asesor externo, da dirección do instituto ou da propia persoa interesada, e será resolta pola súa xunta directiva nun prazo máximo de seis meses dende a presentación da correspondente instancia.

Artigo 9. Goberno

Respectando os fins, os obxectivos, a configuración institucional e o marco estatutario, os institutos propios da Universidade de Vigo regularán o seu goberno de acordo cos modelos de xestión e de goberno descrito nos artigos seguintes. Os institutos rexeranse polo seu regulamento de réxime interno, que aprobará o Consello de Goberno da Universidade de Vigo. No caso dos institutos interuniversitarios, mixtos ou adscritos, a estrutura dos seus órganos de goberno detallarase no correspondente convenio que se asinará coas outras institucións participantes no momento da súa creación.

9.1. Os órganos de goberno dos institutos propios serán:

- a) A xunta directiva
- b) A comisión científica
- c) O director ou directora

9.2. Os órganos de goberno dos institutos interuniversitarios, mixtos e adscritos detallaranse nos convenios de creación ou de adscrición. En todo caso, nos institutos interuniversitarios terá que haber representación da Universidade de Vigo nos órganos de goberno. A Universidade de Vigo procurará que a súa natureza e o seu funcionamento sexan coherentes cos Estatutos da Universidade de Vigo e coa presente normativa.

Artigo 10. A xunta directiva

10.1. A xunta directiva do instituto propio estará composta polo menos por:

- a) Reitor/a da universidade, ou vicerreitor/a en quen delegue, que a presidirá e a convocará.
- b) Un/Unha vogal en representación do Consello Social da Universidade de Vigo.
- c) Un/Unha vogal en representación das investigadoras e investigadores vinculados ao centro.
- d) Un/Unha vogal en representación do persoal do centro que non sexa persoal investigador vinculado.
- e) Representantes, se houber, das institucións públicas ou privadas que contribúan de maneira substancial e estable ao financiamento ou á actividade do instituto.
- f) Director/a do instituto.
- g) Secretario/a do instituto, que o será tamén da xunta directiva.

Os membros universitarios deberán constituír sempre a maioría da xunta directiva. A xunta directiva reunirse, polo menos, unha vez ao ano en sesión ordinaria e en sesión extraordinaria, de acordo co que estableza o seu regulamento de réxime interno. Ademais, no regulamento de réxime interno poderá considerarse a participación doutros membros.

10.2. Sen prexuízo doutras tarefas que lle poidan ser asignadas no regulamento de réxime interno en desenvolvemento dos Estatutos da Universidade de Vigo, as principais funcións da xunta directiva do instituto serán:

- a) Aprobar a elección da directora ou director do instituto a proposta da comisión científica e, de darse o caso, propoñerlle o seu cese á reitora ou reitor, mediante o acordo adoptado pola maioría absoluta dos seus membros.
- b) Aprobar a proposta de orzamento e a programación do instituto.
- c) Aprobar a memoria anual de actividades e a memoria económica, da que se lle dará conta ao Consello de Goberno da Universidade de Vigo.
- d) Promover o financiamento e a dotación do instituto.
- e) Enviarlle a proposta ao Consello de Goberno da Universidade de Vigo da incorporación á xunta directiva do instituto de novos membros, en representación da comunidade universitaria ou de institucións públicas ou privadas.
- f) Enviarlle a proposta ao Consello de Goberno da Universidade de Vigo da modificación do regulamento de réxime interno do instituto.

Artigo 11. A comisión científica

11.1. A comisión científica estará composta por:

- a) O director/a do instituto que a convocará e a presidirá.
- b) O secretario/a do instituto que o será tamén da comisión científica.
- c) O persoal investigador vinculado do instituto que especifique o regulamento de réxime interno.
- d) Unha representación do persoal investigador non permanente e en formación vinculado ao instituto equivalente ao 15 % do total da comisión científica.

A comisión científica reunirse, polo menos, dúas veces ao ano en período lectivo.

11.2. Son funcións da comisión científica:

- a) Propoñerlle á xunta directiva a persoa que exerza a dirección do instituto.
- b) Aprobar o ingreso de novos membros do persoal investigador do instituto e o seu cesamento. O acordo correspondente deberá contar co informe previo do consello asesor externo e deberá ser ratificado pola xunta directiva do instituto.
- c) Preparar as propostas de programas, orzamento e memoria económica e de actividades do instituto.
- d) Programar as actividades científicas, docentes e de asesoramento técnico do instituto e a vixilancia da súa realización.
- e) Informar dos contratos do instituto ou do seu profesorado.
- f) Asesorar a dirección do instituto.
- g) Elaborar a proposta de regulamento de réxime interno, así como as súas modificacións, para a súa aprobación polo Consello de Goberno.
- h) Outras funcións que dispoña o seu regulamento en desenvolvemento dos Estatutos da Universidade de Vigo.

ARTIGO 12. O DIRECTOR/A

12.1. A persoa que exerza a dirección do instituto será elixida entre o persoal investigador doutor vinculado a tempo completo coa Universidade de Vigo e co instituto da Universidade de Vigo, por un máximo de dous mandatos consecutivos. O mandato terá unha duración de tres anos.

Para o caso de institutos interuniversitarios, mixtos ou adscritos, a elección virá regulada no acordo suscrito pola Universidade de Vigo coa entidade ou entidades partícipes.

A persoa que exerza a dirección do instituto será elixida pola xunta directiva, tras a proposta da comisión científica. A primeira persoa que exerza este cargo poderá ser nomeada directamente polo reitor/a como director/a comisario/a no momento de crearse o instituto, co fin de constituír a primeira xunta directiva.

12.2. Correspóndelle ao director/a:

- a) Convocar e presidir a comisión científica, a execución dos seus acordos e a súa representación perante o Consello de Goberno da Universidade de Vigo.
- b) Representar o instituto no ámbito da súa competencia.
- c) Executar os acordos adoptados polo consello do instituto e velar polo seu cumprimento.
- d) Organizar e coordinar, de conformidade co consello, os medios persoais e materiais de que se cumpran os obxectivos do instituto.
- e) Elaborar as propostas de orzamento e a programación do instituto.
- f) Presentar a memoria de actividades e a memoria económica.
- g) Propoñer a reitora ou reitor para o nomeamento da persoa que exerza como secretaria ou secretario.
- h) Autorizar os gastos dentro do orzamento anual.
- i) Todas as tarefas que non estean expresamente atribuídas a outros órganos de goberno.

Artigo 13. O secretario/a

A persoa que exerza como secretaria ou secretario do instituto é quen dá fe dos actos administrativos e dos acordos dos órganos de goberno do instituto. Para este cometido custodiará as actas e expedirá as certificacións nos documentos oficiais do instituto. Ademais, exercerá as outras funcións que lle encomende a dirección de acordo co regulamento de réxime interno e os Estatutos da Universidade de Vigo.

O secretario/a será nomeado pola reitora ou reitor, logo da proposta da dirección, de entre o persoal de investigación vinculado ao instituto, que reúna os requisitos establecidos no artigo 71 dos Estatutos da Universidade de Vigo ou o funcionariado dos subgrupos A1 e A2 que presten servizos no instituto por un máximo de dous mandatos consecutivos.

Artigo. 14. O consello asesor externo

O consello asesor externo será un órgano asesor integrado por expertos/as de prestixio no ámbito de actuación do instituto. Será designado pola reitora ou reitor a proposta da xunta directiva do instituto que establecerá o seu réxime de funcionamento.

A designación dos membros do consello asesor externo farase por un período de catro anos, renovables. Serán funcións do consello asesor externo as seguintes:

- a) Asesorar a xunta directiva e a dirección do instituto sobre a orientación da investigación que se vai desenvolver no instituto, así como sobre calquera outro aspecto que se considere oportuno.
- b) Asistir a dirección e a xunta directiva sobre o seguimento da evolución da investigación e do centro e da transferencia dos resultados da investigación.
- c) Avaliar periodicamente a actividade de I+D+i dos grupos do persoal investigador vinculado co instituto, e emitir os correspondentes informes de valoración.
- d) Informar sobre o interese da vinculación de novos investigadores e investigadoras ao instituto.

Artigo 15. Organización da gobernanza

15.1. Unha vez aprobada a creación dun instituto, a reitora ou reitor nomeará unha directora ou director comisario entre o persoal investigador que cumpra as condicións establecidas no artigo 4.2.a, que cesará como tal ao cumprirse as previsións regulamentarias sobre a constitución dos órganos ordinarios de goberno do instituto, e non poderá superar tres anos.

15.2. No suposto de que transcorrido un curso académico sen que se constituísen legalmente os órganos de goberno do instituto, a reitora ou reitor, á vista das circunstancias concurrentes, poderá revogar o nomeamento e, tras oír o Consello de Goberno da universidade, nomeará outra directora ou director en funcións coa única finalidade de rematar o proceso constitutivo de todos os órganos do instituto. Esta directora ou director en funcións poderá pertencer ao grupo promotor ou poderá ser outra persoa independente sempre que cumpra os requisitos requiridos no artigo 6 deste regulamento para as investigadoras ou investigadores promotores.

TÍTULO III. CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN

Artigo 16. Creación

Sen prexuízo das funcións que o artigo 10 da Lei 6/2001, do 6 de decembro, de universidades, e a Lei 6/2013, do 13 de xuño, reguladora do sistema universitario de Galicia atribúen ao Consello Social, a proposta de creación dun instituto universitario poderá formulárselle ao Consello de Goberno da universidade a través da vicerreitoría con competencias en materia de investigación, un centro, un departamento ou un grupo de profesoras e profesores da Universidade de Vigo pertencentes a máis dunha área de coñecemento, e deberá ir acompañada dunha memoria científico-administrativa e dunha memoria económica.

A reitora ou reitor someterá a proposta de creación á consideración do Consello de Goberno da Universidade de Vigo quen, de ser o caso, enviaralle a iniciativa ao Consello Social para que aprobe e tramite conforme a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario galego e a Orde, do 26 de marzo de 2021, pola que se regula o procedemento de aprobación de centros e institutos de investigación do sistema universitario de Galicia.

Ademais dos requisitos de creación esixidos pola norma estatal ou autonómica, a proposta de creación do instituto deberá incluír:

- a) A proposta de investigadoras e investigadores promotores: para crear un instituto requirirase un mínimo de doce investigadoras ou investigadores doutores con vinculación permanente a tempo completo á Universidade de Vigo que avalen a proposta como investigadores/as promotores. O cociente entre o número de sexenios total dos investigadores/as promotores e o número destes deberá ser superior a 2.
- b) A proposta de investigadoras e investigadores garantes: entre os investigadores e investigadoras promotores deberá haber un número mínimo de dous investigadores/as garantes, os cales deberán contar coas características descritas no artigo 7 desta normativa e que serán os que acreditarán a suficiencia científico-técnica para desenvolver os obxectivos científicos propostos.
- c) Unha memoria na que consten, polo menos, os seguintes aspectos:
 - i. Xustificación do interese de creación.
 - ii. Plan estratéxico onde se indicarán os obxectivos principais e a adecuación ás estratexias que a Universidade de Vigo ten definidas para os seus campus.
 - iii. Plan cuadrienal de investigación coas liñas de investigación, proxectos estratéxicos, obxectivos de financiamento e estratexia de internacionalización.

- iv. Plan de transferencia onde se detallen as principais vías de transferencia do coñecemento adquirido á sociedade.
- v. Estrutura de goberno e regulamento de réxime interno.
- vi. Proceso de vinculación e desvinculación formal de investigadores/as.
- vii. Plan de captación de talento para conseguir a incorporación e a formación de novo talento investigador.
- viii. Recursos técnicos e administrativos de apoio que necesite a nova unidade.
- ix. Currículo normalizado resumido das persoas investigadoras promotoras, coa indicación dos sexenios de cada unha delas, e as que se consideran garantes.
- x. Proxectos e contratos vixentes nos que os investigadores/as promotores figuren como investigadores/as principais e que se adscribirían ao instituto no momento da súa creación, indicando o seu orzamento.
- xi. Posibles fontes de financiamento externo para desenvolver a actividade do instituto.

Os requisitos establecidos para as persoas investigadoras garantes e promotoras enténdense aplicables no momento de presentar a solicitude de creación do instituto. O mantemento e a evolución destes debe ser confirmado e valorado nos procesos ordinarios de avaliación da actividade do instituto, e correspóndelles ao consello asesor externo e á xunta directiva do instituto establecer a validación destes e, de ser o caso, propoñer as pautas e os obxectivos de mellora.

O proxecto de instituto someterase a unha avaliación externa por algunha entidade avaliadora independente ou por avaliadores/as externos de acreditada competencia que poderán ser membros do consello asesor externo do instituto. Corresponderalle á vicerreitoría coas competencias de investigación realizar o protocolo de avaliación correspondente.

Para valorar as iniciativas de creación de institutos teranse en conta, ademais do cumprimento dos requisitos anteriores, os criterios de excelencia seguintes:

- a) Claridade e calidade do plan estratéxico e o seu aliñamento coas estratexias de investigación da universidade e coas políticas de investigación e de innovación autonómica, nacional e europea.
- b) Plan de investigación proposto para acadar os obxectivos establecidos no plan estratéxico e o plan de transferencia de coñecemento á sociedade.
- c) Plan de captación e formación de talento.
- d) Dimensión, calidade e adecuación do currículo do equipo científico en materia de

investigación, transferencia e formación de investigadores e investigadoras.

- e) A non coincidencia do seu obxecto principal coas actividades doutros institutos ou centros de investigación da universidade.
- f) Interese social e económico do instituto á vista das características e das esixencias científicas, tecnolóxicas, socioeconómicas e culturais da comunidade autónoma de Galicia.
- g) Grao de autofinanciamento do instituto e avaliación das necesidades de persoal, de locais e de equipamento, tendo en conta os recursos e os medios persoais e materiais existentes no momento da solicitude e os que serán necesarios para o acaído funcionamento do instituto.

Artigo 17. Modificación e supresión

A modificación ou a fusión dun instituto con calquera outra entidade ou institución requirirá a elaboración dunha memoria cos requisitos e co procedemento establecidos no artigo 16 deste regulamento.

A modificación ou a supresión dos institutos levarase a cabo conforme o establecido no artigo 10 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e nos artigos 18 e 19 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia e a Orde, do 26 de marzo de 2021, pola que se regula o procedemento de aprobación de centros e de institutos de investigación do sistema universitario de Galicia.

TÍTULO IV. SEGUIMIENTO E CONTROL DOS INSTITUTOS UNIVERSITARIOS

Artigo 18. Seguimento e avaliación

A actividade dos institutos estará guiada por un plan cuadrienal que deberá ser avaliado por un consello asesor externo ou, de ser o caso, polo procedemento establecido pola vicerreitoría con competencias en investigación. Os institutos remitirán anualmente unha memoria de actividades e unha memoria económica para a súa avaliación e o seu seguimento por parte dos órganos de goberno do instituto e ratificada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os institutos de investigación existentes disporán dun ano para adecuarse á nova normativa desde a entrada en vigor do presente regulamento.

Para entón, no caso dos institutos propios, deberán:

- a) Aprobarán o seu regulamento de réxime interno adaptado ao establecido no presente regulamento.
- b) Propoñerlle ao reitor ou reitora os membros do consello asesor externo para a súa designación.
- c) Convocarán o procedemento de adscrición dos investigadores/as ao instituto e, tras o informe do consello asesor externo, dirixiranlle á xunta de goberno do instituto a proposta de investigadores/as adscritos.
- d) Proporán a desadscrición ou o cesamento de investigadores/as do instituto e dirixiranlle a proposta á xunta do goberno do instituto, tras o informe do consello asesor externo.
- e) Formalizarán o novo censo do instituto e, a partir deste, constituirán os novos órganos de goberno do instituto e designarán e proporán o seu director ou directora.

No caso do resto de institutos (interuniversitarios, mixtos ou adscritos), no mesmo prazo de tempo, deberán subscribir un convenio específico, entre as partes involucradas segundo o caso, onde se teña en conta o disposto neste regulamento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

O presente regulamento derroga as Normas provisorias para a creación e funcionamento dos institutos universitarios aprobadas pola Xunta de Goberno da Universidade de Vigo do xxx de XXX de 1996.

ENTRADA EN VIGOR

O presente regulamento entrará en vigor na data en que se publique no taboleiro de anuncios electrónico oficial da Universidade de Vigo.

